# Eu xunguén os meus bouxeños

**Recollida de Ludivina Pérez Ricoi
de Paradela**




I ai i eu xunguén os meus "bouxeños"
e marchei co eles á arada
i ai e no medio do cameño
olvidouseme a aguillada.

I ai tornei e volvín por ela
tíñanme a porta pechada
i ai ábreme a porta muller
que veño por a aguillada.

I ai espera meu home espera
que eu estou facendo a cama
i ai eu cas meñas mañas vellas
a subín por a ventana.

I ai ver estar on señorito
deitado na miña cama
i ai, que é aquelo muller
que hai alí na miña cama?

I ai é o gato do convento
que vén pra onda a nosa gata
i ai nunca vira un gato negro
que teña a cariña blanca.

I ai tráeme a escopeta muller
que vou ver se lle achisbaba
i ai non fagas eso meu home
que lle prendes fogo á cama.



Celso, Fran e Ludivina de Soutelo.